

O longo proceso de socialización vivido até os nosos días, influíu poderosamente na educación das persoas en función dos estereotipos sexistas que caracterizan tal proceso desde as orixes. A partir da análise desta realidade, desde os presupostos da teoría feminista, vaise creando unha filosofía coeducadora das nenhas e nenos, desde a que sexa posíbel deseñar e potenciar unha educación da persoa, que superando os limitados estereotipos sexistas, sexa integradora da riqueza que se desenvolveu na cultura feminina e masculina. Desde esta filosofía trátase de buscar as claves explicativas da educación sexista que se imparte actualmente, no ámbito familiar, no escolar e a través dos medios de comunicación. Estúdanse as consecuencias desta educación tanto a nivel persoal, como colectivo. Proponse un modelo novo de persoa que, superando os estereotipos culturais "feminino" "masculino", potencie un desenvolvemento integral das propias capacidades.

MARIA JOSÉ URRUZOLA  
"Introdución á filosofía coeducadora"

Fai unha listaxe de adxectivos que caractericen ás persoas, e valora se, segundo os estereotipos de xénero, poden considerarse características masculinas ou femininas. Debatede sobre os aspectos positivos e negativos de todos eles, e facede unha proposta de características que toda persoa debe ter para a súa propia felicidade e para construír unha sociedade mellor.

Comenta a frase do mes de febreiro deste calendario e propón cinco cousas que debemos desaprender as mulleres e cinco que deben desaprender os homes. Que che parece máis difícil, aprender ou desaprender?

# A B R I L

As ideas son as que se poden aplicar a todos os seres humanos, as crenzas a unha pequena parte da humanidade.

Rosa Regás

L	M	Me	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
	1776 Nace Sophie Germain, célebre pola súa Teoría das superficies elásticas	1982 Comeza a funcionar en Franza a Axencia de Mulleres da Información	1934 Nace Jane Goodall, Príncipe de Asturias de Investigación Científica e Técnica	1785 Nace Bettina Brentano, escritora alemá	Dous millóns de nenhas e mozas, son vítimas cada ano de mutilación xenital	1895 Nace María Miramontes, integrante da Xunta Directiva das Irmandades da Fala.
7	8	9	10	11	12	13
1889 Nace Gabriela Mistral, poeta chilena gañadora do Nobel de Literatura (1945)	1898 Nace Teresa Neumann, mística alemá	1972 Nace Margalida Fullana Riera, en Mallorca. Campioa do mundo de mountain bike	1934 Morre Cecilia Grierson, a primeira médica argentina, hixienista e educadora	1991 Morre Syria Poletti, novelista, contadora e autora de libros infantís	1933 Nace Montserrat Caballé, soprano catalá	1867 Nace en Palma de Mallorca, Pilar Montaner i Maturana. Pintora
14	15	16	17	18	19	20
1986 Morre Simone de Beauvoir, feminista, escritora e filósofa, autora de "O Segundo Sexo"	1764 Nace en Versailles a marquesa de Pompadour, mecenas da arte	1989 Lidia Senra é eleixida Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego	2004 Mª Teresa Fernández de la Vega. 1ª muller Vicepresidenta do Goberno do E. Español	1480 Nace en Roma a mecenas Lucrecia Borgia	1923 Nace Antia Cal. Funda o centro Rosalía de Castro, vangarda da renovación pedagóxica	1982 Masacre de mulleres labregas en "El Petén", Guatemala
21	22	23	24	25	26	27
1310 Foi queimada viva Margarita Poret. Mística e escritora francesa	1904 Nace María Zambrano, filósofa e poeta. Premio Príncipe de Asturias	"Escolle ben: un libro sexista, non ten calidade" Instituto da Muller	1953 Descóbrese a estrutura do ADN. Ignóranse as aportacións de Rosalind Franklin	1974 As mulleres portuguesas que coa súa rebeldía acabaron coa ditadura salazarista	Mª X. Agra, Victoria Sendón, Ana de Miguel, Rosa Cobo, A. Puleo,... Filósofas feministas	1947 Nace María del Mar Bonet. Cantante. Representante da Nova Canção
28	29	30				
2006 Pasamento de María José Urruzola. Fundadora do Partido feminista e da Revista Lariño. Autora da Guía para Chicas	1936 Nace Alejandra Pizarnik, figura representativa da poesía de fala hispana	1977 Nace Madres de la Plaza de Mayo en plena ditadura Arxentina				